




NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/52/2014	CONYI0RY
382H340T2Q1Y723E1DI5	
	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS LUDOTECARIOS MUNICIPAIS.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli Secretario Xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario
Dna. M. Carmen Espada Cortizas, concelleira delegada de Ensino

Secretario da Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación.

Sendo as 12:00 horas do día 14 de outubro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de asistencia técnica para a execución dos traballos de organización e funcionamento dos servizos ludotecarios municipais.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborado pola técnica municipal Dna. Judith Martínez Casteleiro, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan os criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, presenta as seguintes conclusións:

É criterio a avaliar por esta Mesa, o contemplado no punto 9 da folla resumo do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, calidade do proxecto.

O informe emitido reflicte en primeiro lugar os ámbitos e criterios a seguir para valorar as ofertas e por último a puntuación de cada unha das ofertas e xustificación das mesmas, resultando:

Empresas	Apdo a	Apdo b	Apdo c	Apdo d	Apdo e	Total
Axiña servizos deportivos S.L.	9	8	6	8	9	40
Esproade servizos integrados S.L.	9	10	7	9	9	44
Serindoc servizos para a	7	8	7	8	9	39



NARÓN

información de arquivos e bibliotecas S.L.						
Serviplus total S.L.U.	9	10	9	10	8	46
Tedaga servizos culturais, S.L.	10	10	8	8	9	45

A Mesa de Contratación acordou facer seu este informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

Levantada a sesión pola presidencia, as doce horas e vinte e cinco minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, da que dou fe.

ASUNTO: informe de valoración das memorias técnicas presentadas á licitación dos traballos de organización e funcionamento dos servizos ludotecarios municipais.

DESTINATARIO: Departamento de contratación + expediente.

A funcionaria municipal que subscribe, educadora social do Servizo Sociocomunitario municipal, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte informe:

1. Ámbito

A presente valoración enmárcase no procedemento de licitación para a asistencia técnica dos traballos de organización e funcionamento dos servizos ludotecarios municipais con expediente de referencia CON/52/2014

A normativa aplicable está recollida

- I. Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local
- II. Lei 1, de 26 de decembro, de racionalización del sector público autonómico.
- III. Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- IV. Regulamento de réxime interior da Ludoteca municipal

O departamento de contratación, por estar previsto no prego de condicións xurídico-administrativas e técnicas, require informe de valoración das ofertas presentadas, no relativo á memoria descritiva do servizo que pretende prestar a empresa e no que se valorarán os seguintes aspectos: contextualización e adaptación á realidade de Narón; técnicas e procedementos pedagóxicos; secuencia de contidos e obxectivos operativos; indicadores e mecanismos de avaliación + resultados esperados e descriptor de metodoloxías organizativas coas profesionais

2. Ámbitos de valoración e criterios



Tal e como se recolle no prego de condicións, elabórase a proposta de puntuación das ofertas en base a cinco apartados que conxuntamente son valorados con 49 puntos, coa seguinte descrición:

- a) Contextualización e adaptación á realidade de Narón (10 puntos)
- b) Técnicas e procedementos pedagóxicos (10 puntos)
- c) Secuencia de contidos e obxectivos operativos (10 puntos)
- d) Indicadores, mecanismos de avaliación e resultados esperados (10 puntos)
- e) Descritor de metodoloxías organizativas coas profesionais do Servizo Sociocomunitario (9 puntos)

3. Puntuación dos proxectos presentados que se corresponde co desglose por apartados

Examinada a documentación aportada no sobre B (subtitulado “Documentación técnica para a valoración dos criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor non cuantificable por fórmula”) resulta a seguinte valoración:

Empresas	Apdo a	Apdo b	Apdo c	Apdo d	Apdo e	Total
Axiña servizos deportivos S.L.	9	8	6	8	9	40
Esproade servizos integrados S.L.	9	10	7	9	9	44
Serindoc servizos para a información de arquivos e bibliotecas S.L.	7	8	7	8	9	39
Serviplus total S.L.U.	9	10	9	10	8	46
Tedaga servizos culturais, S.L.	10	10	8	8	9	45

a) Contextualización e adaptación á realidade de Narón

Todas as propostas analizan a realidade do concello de Narón e identifican as principais problemáticas en maior ou menor medida, máis

Tedaga servizos culturais, S.L. obtén a maior puntuación pois de todas é a que coñece mellor as singularidades e ademáis prioriza a necesidade de descentralizar o servizo, impulsa as relacións coas institucións do entorno e favorece as relacións interxeracionais.

b) Técnicas e procedementos pedagóxicos

Todas as propostas contemplan unha metodoloxía activa e participativa vehiculizada a través do xogo, pero os procedementos pedagóxicos son máis acordes ós obxectivos específicos propostos, tendo en conta a lexislación vixente e o regulamento de réxime interior da ludoteca municipal, nas propostas de Esproade servizos integrados S.L., Serviplustotal S.L.U. e Tedaga servizos culturais, S.L.

c) Secuencia de contidos e obxectivos operativos

A proposta de Serviplustotal S.L.U é a máis valorada en comparación coas outras porque os contidos son os máis acordes cós obxectivos plantexados tendo en conta as finalidades establecidas no regulamento de réxime interior da ludoteca municipal. Ademáis no cronograma supera o mínimo de 1 obradoiro semanal establecido no prego de condicións técnicas ofrecendo 2 obradoiros semanais.

d) Indicadores, mecanismos de avaliación e resultados esperados

A proposta de Serviplustotal S.L.U é a máis valorada en comparación coas outras porque é a que mellor explica os indicadores de avaliación cuantitativos e cualitativos, así coma os instrumentos e técnicas para a recollida da información e os resultados esperados son os máis congruentes cos obxectivos plantexados.

e) Descritor de metodoloxías organizativas coas profesionais do Servizo Sociocomunitario

As propostas de Axiña servizos deportivos S.L., Esproade servizos integrados S.L., Seríndoc servizos para a información de arquivos e bibliotecas S.L. e Tedaga servizos culturais, S.L. describen a estrutura organizativa funcional, os sistemas e vías de comunicación máis



acordes ás necesidades municipais. Concretando en todas estas, as funcións de coordinación técnica, coordinación ludotecaria e auxiliar ludotecaria en tres persoas.

4. Valoración final

A funcionaria que subscribe, educadora social do Servizo Sociocomunitario, propón para a adxudicación á empresa que acada a mellor puntuación:

Serviplus total S.L.U. con 46 puntos.

Informe que se emite en Narón a 13 de outubro de 2014

Judith Martínez Casteleiro

Colex nº 1197

Servizo Sociocomunitario